## ViBoCultura

# Actos no instituto

A.R.

FOTOS: CARLOS G. HERVELLA

A XI ViBoMask tamén achega á mocidade a cultura e valores das máscaras. O seu programa encetarase cunha serie de conferencias previstas para a mañá do 20 de marzo no IES Carlos Casares de Viana do Bolo. A primeira delas será "Máscaras vivas, ritos, *perfomances* e arte mascareiro" da antropóloga zamorana María Pilar Panero, directora da Cátedra de Estudos sobre a Tradición da Universidade de Valladolid. Tamén participará o artesán e veciño de Matamá (Laza), Paco Diéguez, quen falará sobre "A máscara do Peliqueiro: artesanía e tradición".

Finalmente, prevese contar co antropólogo Mario Moreno de Piornal (Cáceres), quen abordará a figura do Jarramplas, que protagoniza o ritual festivo de inverno da alta Estremadura.

Ademais farase a presentación da mascarada de Toros e





De arriba a abaixo: a antropóloga Pilar Panero e o artesán Paco Diéguez.

Guirrios de Velilla de la Reina (León) no instituto durante a mañá.







